



Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

DIRECTRIZ 1005.3

**Creación e funcionamento do
corpo oficial de peritos**



Esta obra está baixo unha licenza de Creative Commons (BY-NC-SA)
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0>

CONTIDO

1	Preámbulo.....	3
	1.1 Obxectivo.....	3
	1.2 Ámbito de aplicación.....	3
	1.3 Alcance.....	3
2	Marco normativo.....	3
3	Motivación.....	5
4	Norma xeral.....	5
5	Norma do COP.....	5
	5.1 Composición.....	5
	5.2 Incorporación e baixa.....	6
	5.3 Dereitos e obrigas.....	7
	5.4 Operativa.....	9
	5.5 Recomendacións.....	10
6	Disposición adicional.....	10
7	Data de aprobación e entrada en vigor.....	10

1 PREÁMBULO

1.1 Obxectivo

Establecer as normas de creación e funcionamento do Corpo Oficial de Peritos (en adiante, COP).

1.2 Ámbito de aplicación

Xunta de Goberno, Comisión de Peritaxes e membros do COP.

1.3 Alcance

- Creación do COP.
- Xestión da lista de peritos.
- Dereitos e obrigas dos/as membros do COP.
- Servizos do CPEIG en relación co COP.

2 MARCO NORMATIVO

- 1 O Artigo 6.h) dos Estatutos do CPEIG recolle como unha das funcións do CPEIG:

*“Cooperar coa Administración de xustiza e demais organismos oficiais na designación de colexiados/as que puidesen ser requiridos/as para realizar informes, ditames, taxacións, **peritaxes** ou outras actividades profesionais, para o que se facilitará periodicamente e sempre que o soliciten, a relación de colexiados/as dispoñibles para estes efectos.”*

- 2 O Artigo 6.p) dos Estatutos do CPEIG recolle como unha das funcións do CPEIG:

“Realizar os recoñecementos de visado de proxectos, informes, ditames, valoracións, peritaxes e demais traballos efectuados polos seus membros no exercicio da súa profesión, de conformidade co establecido no artigo 15º, así como editar e distribuír impresos dos certificados oficiais que para esta función aproben os órganos de goberno.”

- 3** O Artigo 340 da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de enxuizamento civil recolle as seguintes condicións para os peritos:

“1. Os peritos deberán posuír o título oficial que corresponda á materia obxecto do ditame e á natureza deste. Se se tratare de materias que non estean comprendidas en títulos profesionais oficiais, haberán de ser nomeados entre persoas entendidas naquelas materias.

2. Poderá así mesmo solicitarse ditame de Academias e institucións culturais e científicas que se ocupen do estudo das materias correspondentes ao obxecto da pericia. Tamén poderán emitir ditame sobre cuestións específicas as persoas xurídicas legalmente habilitadas para iso.

3. Nos casos do apartado anterior, a institución á que se encargue o ditame expresará á maior brevidade que comparece ou persoas encargaranse directamente de preparalo, ás que se esixirá o xuramento ou promesa previsto no apartado segundo do artigo 335.”

- 4** O Artigo 457 da a Lei de 1882 de enxuizamento criminal recolle ao seguinte:

“Os peritos poden ser ou non titulares.

Son peritos titulares os que teñen título oficial dunha ciencia ou arte o exercicio da cal estea regulamentado pola Administración.

Son peritos non titulares os que, carecendo de título oficial, teñen, non obstante, coñecementos ou práctica especiais nalgunha ciencia ou arte.”

- 5** O Artigo 458 da a Lei de 1882 de enxuizamento criminal recolle ao seguinte:

“O Xuíz valerase de peritos titulares con preferencia aos que non tivesen título.”

3 MOTIVACIÓN

- 1 Nas comunidades autónomas nas que a Enxeñaría en Informática é unha profesión titulada e colexiada, por existir colexio oficial, o conxunto dos/as peritos conforman o denominado Corpo Oficial de Peritos. Os membros do COP pasan a formar parte dunha lista única de peritos que se pon a disposición dos axentes xudiciais.
- 2 É unha tarefa propia do colexio a creación e xestión dun COP que responda ás demandas periciais dos/as xuíces e da sociedade en xeral.
- 3 As peritaxes informáticas constitúen unha oportunidade profesional á que se pode optar como colexiado/a.

4 NORMA XERAL

- 1 A Comisión de Peritaxes será a responsable da xestión e funcionamento do COP.
- 2 O COP está ao servizo daquelas institucións, empresas ou particulares que acudan ao colexio solicitando expertos/as en peritaxes, arbitrxes e auditorías.

5 NORMA DO COP

5.1 Composición

- 1 O COP estará formado por todos/as os/as colexiados/as interesados/as en ofrecer servizos de peritaxe e informática forense que cumpran as condicións aprobadas para tal efecto na presente normativa interna.
- 2 O COP pode incorporar colexiadas/os doutro Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de España
- 3 Para pertencer ao COP deberanse cumprir a totalidade dos seguintes requisitos:

- 3.1 Posuír a condición de colexiado/a. Están excluídos expresamente os/as membros precolexiados/as.
- 3.2 Estar ao corrente no pago das cotas de colexiación.
- 3.3 Non estar sometido a expediente disciplinario nin ter sido sancionado corporativamente en calquera dos supostos que prevé o réxime disciplinario dos estatutos do colexio, salvo rehabilitación da sanción.
- 3.4 Non estar cumprindo sanción de calquera orde que inhabilite para o exercicio da profesión, nin estar sometido a suspensión cautelar que produza dita inhabilitación.
- 3.5 Ter contratado un seguro de responsabilidade civil que cubra as actuacións periciais e estar ao día nos pagos do devandito seguro. A cobertura deste seguro deberá ser como mínimo a ofrecida polo seguro obrigatorio do colexio. Se os peritos proveñen doutros colexios profesionais deberán achegar copia do seguro en lingua galega ou castelan.
- 3.6 Se os peritos do COP proveñen doutros colexios profesionais, deberán achegar certificado expedido polo secretario do colexio de procedencia, en lingua galega ou castelan, no que se inclúan os requisitos exixidos nos puntos 3.1, 3.2, 3.3 e 3.4

5.2 Incorporación e baixa

- 1 As solicitudes de incorporación ao COP realizaranse mediante instancia normalizada que estará dispoñible a través do sitio web do colexio e que será dirixida ao/á Presidente/a da Comisión de Peritaxes. A Comisión de Peritaxes non terá en conta as solicitudes que non cumpran o establecido nesta normativa.
- 2 A Comisión de Peritaxes revisará as instancias nun prazo non superior a un mes, publicando no sitio web do colexio unha lista provisional de peritos habilitados, da cal formarán parte todos/as aqueles/las colexiados/as que se atopen en trámite de incorporación ao COP.

- 3** Os/as solicitantes de incorporación ao COP disporán dun período de 30 días, contados a partir da súa publicación na lista provisional de peritos habilitados, para a subsanación de erros e para a realización de posibles aclaracións.
- 4** Unha vez que os/as aspirantes a pertencer ao COP superen os requisitos descritos na presente normativa, pasarán a formar parte da lista de peritos habilitados do COP, a cal se fará pública no sitio web do colexio.
- 5** Un/unha membro do COP causará baixa cando:
 - 5.1** Así o solicite a petición propia.
 - 5.2** Cause baixa como colexiado/a.
 - 5.3** Reiteradamente cometa actuacións que atenten contra a dignidade da profesión de perito.
 - 5.4** Exerza as funcións de perito sen a cobertura mínima dun seguro de responsabilidade civil.
 - 5.5** Non notifique ao/á Presidente/a da Comisión de Peritaxes a aceptación do cargo de perito ao que tivese acceso por mediación das xestións que o colexio fai do COP.
- 6** As solicitudes de baixa do COP realizaranse mediante instancia normalizada que estará dispoñible a través do sitio web do colexio e que será dirixida ao/á Presidente/a da Comisión de Peritaxes, quen de inmediato o eximirá das súas obrigas.
- 7** A baixa voluntaria farase efectiva no momento da recepción por escrito da solicitude.
- 8** A baixa non voluntaria deberá ser aprobada pola Xunta de Goberno do Colexio e será formalmente notificada ao/á interesado/a indicando a data de aplicación e as causas da mesma.

5.3 Dereitos e obrigas

- 1** Todos/as aqueles/as colexiados/as que figuren na lista de peritos habilitados/as formarán parte automaticamente do Corpo Oficial de Peritos do colexio, asumindo os dereitos e obrigas que estime a Xunta de Goberno e o regulamento interno.

- 2** O colexio facilitará un seguro de responsabilidade civil do cal figurará como tomador e no cal os/as membros do CPEIG deberán inscribirse como asegurados. Este seguro estará suxeito ás seguintes normas e so serán beneficiarios os/as colexiados/as do CPEIG:

 - 2.1** A cobertura deste seguro será mínima e poderá ser ampliada por petición e a conta do/a asegurado/a.
 - 2.2** Como tomador do seguro, o colexio será o responsable da súa xestión, pagos e reclamacións. A cota do seguro repercutirase integramente no/a asegurado/a como unha cota adicional da cal será informado/a no momento da súa incorporación a COP.
- 3** O colexio ofertará periodicamente un curso ou seminario de peritaxes e informática forense, o cal abarcará conceptos teóricos e prácticos do exercicio da profesión e das relacións perante os axentes implicados nun asunto pericial: xuíces, maxistrados, funcionarios xudiciais e letrados.
- 4** A pertenza ao COP implica o firme compromiso de colaborar estreitamente en todas as actividades formativas que o colexio, a través da Comisión de Peritaxes, estime oportunas.
- 5** O colexio deberá asistir e axudar, e se é posible asignar un/unha supervisor/a membro do COP, a aqueles peritos noveis do CPEIG, sempre e cando estes o soliciten expresamente ao/á Presidente/a da Comisión de Peritaxes. Este servizo so se ofrece as/os colexiadas/os do CPEIG
- 6** O colexio porá a disposición do COP un conxunto de normas éticas e de boas prácticas de comportamento no exercicio da profesión como perito informático.
- 7** O/a perito será quen, individualmente, xestione a facturación e cobro que proceda segundo a súa actuación.
- 8** O colexio porá a disposición do COP o seu servizo de asesoría e legal, así como a propia Comisión de Peritaxes para resolver calquera dúbida relacionada co exercicio da profesión de perito. Este servizo so se ofrece as/os colexiadas/os do CPEIG

- 9 Coa finalidade de facer un seguimento estadístico por parte da Comisión de Peritaxes, será obrigatoria a notificación a esta comisión da aceptación de calquera cargo de perito obtido coa mediación do colexio. Así mesmo, o colexio poderá solicitar ao/á perito outros datos referentes á peritaxe con fins estatísticos e sempre respectando a confidencialidade do/a perito e dos/das seus/súas clientes.

5.4 Operativa

- 1 Todos os anos, ao comezo do ano natural ou xudicial, a Comisión de Peritaxes enviará mediante correo certificado unha copia da lista de peritos habilitados a todos os xulgados, tribunais de xustiza e oficinas de consumo de Galicia. Serán estes quen a discreción propia se poñan en contacto co/coa perito que consideren oportuno.

Debido á periodicidade anual, e unicamente a efectos desta distribución, as altas e baixas serán efectivas no seguinte envío da lista. Para todos os demais casos a efectividade será inmediata.

- 2 Toda solicitude de peritos, que por calquera medio se reciba no colexio, será remitida ao/á Presidente/a da Comisión de Peritaxes quen, poñéndose en contacto co demandante dos servizos, recompilará a máxima información posible coa fin de ofrecer aos/ás peritos toda a información dispoñible sobre a proba a practicar.
- 3 A Comisión de Peritaxes asignará a cada un dos casos xestionados a través do COP do colexio un código de identificación.
- 4 A Comisión de Peritaxes distribuirá entre lista de peritos habilitados os requirimentos periciais solicitando candidatos para atendelo. A distribución realizarase a través de correo electrónico, enviando unha referencia ao sitio web do colexio onde será publicada a información sobre a proba e o prazo de peche da inscrición.
- 5 Utilizarase unha lista moderada na que os membros do COP se inscriban como aspirantes ás peritaxes dentro do prazo establecido pola Comisión de Peritaxes, o cal dependerá da urxencia da solicitude. Ao remate deste prazo o/a Presidente/a da Comisión de Peritaxes, recompilará os datos de contacto dos/as peritos inscritos coa finalidade de remitirlos ao solicitante dos servizos da peritaxe, de xeito que este poida seleccionar de entre todos os postulados inscritos.

6 Os datos que distribuirá a Comisión de Peritaxes aos solicitantes de servizos de peritaxe son os seguintes:

- 6.1 Número de colexiación.
- 6.2 Nome e apelidos.
- 6.3 Enderezo postal de residencia ou profesional.
- 6.4 Correo electrónico.
- 6.5 Teléfono.
- 6.6 Lugar de residencia.
- 6.7 Colexio de Procedencia

Así mesmo, a Comisión de Peritaxes tamén poderá solicitar algún outro dato adicional que se considere necesario para o caso en cuestión.

5.5 Recomendacións

O colexio recomenda encarecidamente aos/ás seus/suas peritos a solicitude de provisión de fondos para a elaboración de todos os ditames e informes periciais, facendo ampliacións de provisións se o caso o require. O colexio entende que este é o único xeito que o/a perito ten de garantir a súa independencia profesional á hora de actuar e redactar o seu informe.

6 DISPOSICIÓN ADICIONAL

Todas as funcións e responsabilidades que esta normativa outorga ao/á Presidente/a da Comisión de Peritaxes, poderán ser delegadas, por expreso desexo deste/a, nalgún/nalgunha membro da Comisión de Peritaxes.

7 DATA DE APROBACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

A presente directriz foi aprobada na Xunta de Goberno 2015/03, celebrada o 20 de xullo de 2015, entrando en vigor ao día seguinte.

O secretario

Juan José González Cid

Visto e prace
O presidente

Fernando Suárez Lorenzo